

REGULAMENTO DA II TRAVESÍA A NADO ENTRE CAMARIÑAS E MUXÍA

“A FAVOR DOS E DAS REFUXIADOS E REFUXIADAS”

ORGANIZACIÓN:

Correrá a cargo dos Concellos de Camariñas e Muxía e estará rexida polo presente Regulamento.

PREÁMBULO:

As seguintes regras son aplicables á proba de natación correspondiente á II Edición da Travesía a Nado entre Camariñas e Muxía organizada polos Concellos de Muxía e Camariñas, coa colaboración da Cofraría de pescadores de Camariñas e Muxía, Protección Civil de Camariñas e Muxía, Club Náutico de Camariñas, Cataventos Escola de Vela e o Club Municipal Piragüismo Dumbría.

No suposto de dúbida na súa interpretación prevalecerá a opinión e decisión da organización. Tod@s @s participantes coa súa inscrición aceptan integramente o presente Regulamento.

I. DATA E LUGAR:

A II Edición da Travesía a Nado entre Muxía e Camariñas disputarase o Sábado día 1 de xullo de 2017. A saída efectuarase ás **17 horas** dende Camariñas (Club Náutico de Camariñas) ata a Praia de Lago (Muxía) cubrindo unha distancia en liña recta de 2500 metros aprox.

II. PARTICIPACIÓN E IDADE MÍNIMA.

A participación está aberta a todas as persoas que naceran no ano 2001 e anteriores e adxuntarán a autorización paterna, no suposto de ser menor de idade.

III. INSCRIPCIÓN:

O período de inscricións abrirse o día 29 de maio e pecharase o día 28 de xuño ás 24:00.

A inscrición levarase a cabo na páxina www.championchipnorte.com cubrindo todos os datos requeridos e indicando a necesidade de facer uso do transporte de volta ao punto de saída.

O importe das inscricións será de 10€+0´50€ do custo do chip toda a inscrición doarase á ONG, A.I.R.E (excepto o custo do chip).

O número límite de participantes será de 140 nadadores/as.

Inscribirse reporta os seguintes dereitos:

Dereito á participación.
Seguro de responsabilidade civil e accidentes.
Avituallamiento final en meta.
Regalo conmemorativo do evento.

IV. CAMBIOS DE PARTICIPANTES:

As inscricións son estritamente personais e intransferibles, non poden ser utilizadas por outra persoa diferente da inscrita. Se a organización detectara algún tipo fraude na inscrición vetarase a súa participación.

V. IDENTIFICACIÓN (DNI OBLIGATORIO) PARA RECOLLIDA DE GORROS:

@s participantes deberán presentarse no control situado no Club Náutico de Camariñas. Os gorros rapartiranse dende as 14'30 horas ata as 16 horas. É imprescindible presentar DNI ou PASAPORTE, para contrastar a inscrición, e recoller o gorro e o regalo conmemorativo do evento.

VI. SAIDA:

A saída realizarase dende dentro do mar.

O Xuíz da Travesía será o encargado de dar a saída cun bocinazo.

VIII. USO DE NEOPRENOS:

É obrigatorio o uso do neopreno en toda a travesía.

IX. TRAVESÍA:

O tempo límite para cubrir o traxecto será de 90 minutos (chegada á Meta, máximo ás 18'30 horas), transcorrido o cal, calquer nadador/a que se atope na auga será recollid@ pola organización.

X. XUÍCES:

Advírtese que os Xuíces da proba e responsables da seguridade no mar, teñen a facultade de descualificar ou retirar a un/unha nadador/a da auga que amose incoherencia, presente síntomas de hipotermia ou calquera outro risco para a súa propia seguridade, e a calquera outra persoa na a súa actuación, baixo o seu criterio, entrañe perigo tanto para o/a nadador/a como para o desenvolvemento da proba.

XI. MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN:

A incorrecta identificación de acordo a estas normas.

Iniciar a saída antes do sinal do xuíz de saída.

Axudarse de calquera tipo de embarcación ou medio auxiliar para mellorar a prestación na auga (aletas, manoplas, tubos de respiración, etc.), ou reducir a distancia ao nadar.

Alterar a marcha doutros nadadores/as, vulnerando as elementais normas de respecto e do xogo limpo.

Acceder á meta por calquera outro sitio distinto do da chegada.

Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que, a xuízo da organización, sexa motivo de descualificación.

XII. CHEGADA:

A finalización do recorrido, a Meta, producirase despois de pasar polo control de xuíces (arco de meta). @s nadadores/as mostrarán o seu dorsal-gorro ao xuíz de chegada a continuación entregarán os seus chips e pasarán ao espazo habilitado para o avituallamento e recollida de pertenzas, para o que será necesario estar en posesión do gorro co número de dorsal como resgardo e documento acreditativo.

XIII. CATEGORÍAS:

As categorías da II Travesía a Nado entre Camariñas e Muxía quedan establecidas do seguinte xeito, (masculina e feminina), Terase en conta a categoría se existe un mínimo de 3 persoas na mesma.

CATEGORIA	IDADE
PROMESA	Anos 2001 e 2000
ABSOLUTO	Entre 1978 e 1999
VETERÁN M 40	Entre 1977 e 1968
VETERÁN M 50	1967 e anteriores

XIV. ENTREGA DE TROFEOS:

Recibirán trofeo @s tres primeir@s clasificad@s de cada categoría masculina e feminina, @ máis veteran@, @ mellor empadroad@ de cada un dos Concellos organizadores e medalla para tod@s @s participantes que finalicen a travesía.

A entrega de trofeos celebrarase o mesmo día no lugar da chegada.

XV. SUSPENSIÓN DA PROBA:

A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída, retrasar a hora de saída, modificar o percorrido, ou a suspensión da mesma. Se a saída chegara a producirse, a proba se consideraría como realizada, aínda no suposto de suspenderse durante a súa celebración. Se a proba chegara a suspenderse por forza maior, como malas condicións climatolóxicas, en ningún caso se reembolsaría o importe da inscrición.

A proba suspenderase cando a forza do vento sexa igual ou superior a 20 nudos e con altura de onda de 1m.

XVI. USO DOS DATOS DO PARTICIPANTE:

A inscrición supón a autorización para o uso libre do nome d@ participante e da súa foto ou imaxe en todos os medios de comunicación (on line) acreditados e relacionados co evento. De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que a súa participación na travesía implica o seu consentimento para a incorporación dos datos persoais facilitados ao ficheiro automatizado existente para os Organizadores. A finalidade deste ficheiro é o tratamento para a xestión e desenvolvemento da travesía. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

XVII. SEGUROS:

Os Concellos organizadores disporán durante o día da travesía, dun seguro de accidentes e responsabilidade civil.

XVIII.SERVIZO DE GARDA ROUPA, TRASLADO DAS PERTENZAS e NADADORES/AS

A organización poñerá a disposición d@s nadadore/as un servizo de traslado das súas pertenzas á chegada, para retiralas será necesario estar en posesión do gorro co número de dorsal como resguardo e documento acreditativo.

Os Concellos de Camariñas e Muxía poñerán a disposición d@s nadadores/as participantes un servizo de autobús que @s desprazarán dende a meta ata **á saída no Náutico de Camariñas** no caso que sexa preciso. Ditos buses estarán aparcados na estrada da Praia de Lago (Muxía). Poderán acceder aos buses aqueles/as nadadores/as que teñan marcado na inscrición da carreira que precisan dito servizo.

A organización poñerá a disposición d@s deportistas duchas que estarán situadas na propia praia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS:

A organización advirte que a travesía é dura, e existen os riscos inherentes que a natación en augas abertas conleva (vento, corrente e oleaxe) polo que debe ser practicada por persoas cunha demostrada preparación e un correcto estado de saúde, recomendando absterse a aqueles/as nadadores/as que no estean en condicións óptimas para a súa realización. A organización queda exenta de calquera responsabilidade sobre os danos que a participación na travesía puidera conlevar aos

participantes ou a terceiras persoas, asumindo ca súa inscrición a plena responsabilidade dos mesmos.